ANTEPROXECTO
LEI DO PLAN GALEGO DE ESTATÍSTICA 2027-2031

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

O artigo 27.6 do Estatuto de autonomía de Galicia recolle a competencia exclusiva da estatística para os fins da Comunidade Autónoma.

En aplicación deste artigo, o Parlamento aprobou a Lei 6/2024, do 27 de decembro, de estatística de Galicia, modificada pola Lei 5/2025, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, cuxo obxecto é regular a estatística galega para os fins da Comunidade Autónoma, entendida como a produción e a difusión de información, mormente cuantitativa, que representa un fenómeno colectivo referido ás realidades demográfica, social, cultural, económica, financeira e ambiental de Galicia e, en xeral, a calquera cuestión relativa ás competencias da Comunidade Autónoma.

No seu artigo 17 establécese que o Plan galego de estatística é o instrumento de ordenación e planificación da estatística galega, que será obxecto de aprobación polo Parlamento mediante lei, que terá unha vixencia de cinco anos, agás que nel se estableza outra, e que quedará prorrogado ata a entrada en vigor do seguinte.

O Instituto Galego de Estatística (IGE), que foi creado na Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia, é o órgano central da organización estatística e ten como principal misión a de dirixir e coordinar a estatística galega.

O artigo 18 da Lei 6/2024, do 27 de decembro, encoméndalle ao Instituto Galego de Estatística elaborar, en colaboración cos órganos estatísticos sectoriais, o anteproxecto do Plan galego de estatística, que se someterá á consideración do Consello Galego de Estatística.

O Parlamento aprobou seis plans para os períodos 1998-2001, 2002-2006, 2007-2011, 2012-2016, 2017-2021 e 2022-2026, nos que se fixaban os obxectivos a concretar nos programas anuais.

Esgotado o sexto plan, procede aprobar un novo Plan para, mediante un sistema de planificación por obxectivos, crear, organizar e difundir coñecemento estatístico, acorde coas necesidades das institucións públicas, dos axentes económicos e sociais e da cidadanía. Para acadalo, formúlanse obxectivos de tres tipos: informativos, instrumentais e de calidade.

Os primeiros concrétanse en metas estatísticas para responderen ás necesidades de información da sociedade. A planificación por metas dota ao plan da flexibilidade necesaria para se adaptar á realidade cambiante e facilitar a cooperación con outros sistemas estatísticos oficiais, de acordo cos principios estatísticos e de calidade formulados nos artigos 4 e 5 da Lei 6/2024, do 27 de decembro. Son tamén obxectivos informativos os vencellados coa consideración das perspectivas de xénero, de idade e ambiental.

Os obxectivos instrumentais fixan as características que han de ter os procesos para organizar, recoller, elaborar e difundir estatísticas. Os de calidade do artigo 5 da Lei 6/2024, do 27 de decembro, sobre pertinencia, precisión, actualidade, puntualidade, accesibilidade, claridade e coherencia están en consonancia co Código de conduta das estatísticas europeas, adoptado polo Comité do Sistema Estatístico Europeo o 16 de novembro de 2017.

A actividade que se realice en desenvolvemento deste plan axustarase aos principios estatísticos de autoridade, independencia profesional, imparcialidade, segredo estatístico, rendibilidade, coordinación, cooperación e proporcionalidade, establecidos no artigo 4 da Lei 6/2024, do 27 de decembro, así como ás recomendacións do Código de conduta das estatísticas europeas.

O sistema estatístico galego proverá información para que a cidadanía poida exercer os seus dereitos, orientar a xeración de riqueza e benestar, potenciar a creación de coñecemento e favorecer a toma de decisións. Incluír na oferta de información estatística a metainformación necesaria para describir as características das series e dos datos, detallando os conceptos e as metodoloxías relevantes implicados na súa produción e emprego, contribuirá á consecución destes obxectivos.

II

A lei ten tres títulos, unha disposición transitoria, unha derrogatoria, dúas derradeiras e dous anexos.

O título primeiro consta dun único capítulo de disposicións xerais, onde se recollen o obxecto da lei, o seu período de aplicación e as principais definicións.

Os títulos II e III correspóndense coas dúas dimensións do plan, planificación e ordenación da actividade estatística, respectivamente. O primeiro capítulo do título II agrupa os obxectivos do plan e o segundo establece como se satisfán mediante os programas anuais. O título III ten catro capítulos sobre proxectos técnicos e estatística oficial, recollida e cesión de información, colaboración institucional e inventario de estatísticas.

A disposición transitoria establece as metas de información de plans anteriores e a derrogatoria derroga as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao previsto nesta lei, expresamente a Lei 16/2021, do 20 de decembro, do Plan galego de estatística 2022-2026. As disposicións derradeiras establecen, a primeira, a autorización ao Consello da Xunta de Galicia para ditar as disposicións necesarias para desenvolver e executar esta lei e, a segunda, a data de entrada en vigor.

Nos anexos figuran a estrutura temática do plan, a relación de metas de información e o inventario inicial de estatísticas.

III

A presente lei adecúase aos principios de boa regulación previstos no artigo 37 a) da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector autonómico que esixe que en todas as iniciativas normativas xustificarase a adecuación das mesmas

aos principios de necesidade, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, accesibilidade, simplicidade e eficacia.

De xeito mais concreto, no que respecta ao principio de necesidade está determinado por canto que o artigo 17 da Lei 6/2024, do 27 de decembro, establece que o Plan galego de estatística será obxecto de aprobación mediante lei.

De acordo co principio de proporcionalidade contén a regulación imprescindible para cumprir co seu obxecto que é fixar o Plan galego de estatística cunha vixencia de cinco anos.

Conforme ao principio de seguridade xurídica, resultando coherente co ordenamento xurídico e co principio de eficacia tratándose dunha norma que regula o Plan Galego de Estatística e ven imposto polo normativa vixente, en concreto a Lei 6/2024, do 27 de decembro.

No que se refire aos principios de transparencia, promovendo a participación mais ampla da cidadanía en xeral, e en particular, do Consello Galego de Estatística para asegurar a participación dos axentes sociais e económicos. Respecto do principio de accesibilidade garántese o acceso a toda a información da que dispoña a Administración en materia obxecto de regulación.

Por último, respéctanse os principios de eficiencia e simplicidade ao permitir unha xestión mais eficiente dos recursos públicos e non se prevén cargas administrativas para as persoas destinatarias.

No proceso de elaboración da presente lei, observáronse todas as garantías esixidas pola lexislación vixente en materia de participación pública, promovendo unha participación pública real e efectiva. De igual forma, na súa tramitación, emitiron informe os principais órganos competentes en materia de orzamentos, función pública, igualdade, impacto demográfico e avaliación e reforma administrativa. De acordo co previsto no artigo 14 da Lei 6/2024, do 27 de decembro, o Consello Galego de Estatística, como máximo órgano consultivo da estatística galega para asegurar a participación dos axentes sociais e económicos e a relación entre a administración e as persoas usuarias, foi consultado sobre o anteproxecto. Tamén contou co informe da Asesoría xurídica xeral da Xunta de Galicia.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, promulgo en nome do rei a Lei do Plan galego de estatística 2027-2031.

TÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Obxecto

1. O obxecto desta lei é aprobar o Plan galego de estatística (en adiante PGE 2027-2031), instrumento de ordenación e planificación da estatística galega ao amparo do artigo 27.6 do Estatuto de autonomía de Galicia e da Lei 6/2024, do 27 de decembro, de estatística de Galicia.

2. Os obxectivos do PGE 2027-2031 clasifícanse en informativos, instrumentais e de calidade.
3. Os obxectivos do PGE 2027-2031 concrétanse nos programas anuais executados pola organización estatística galega.
4. A organización estatística galega é o conxunto de órganos que actúan de xeito coordinado para desenvolver a estatística galega, mediante a execución, a avaliación e o seguimento da súa planificación. Forman parte dela, o Instituto Galego de Estatística (en adiante IGE), os órganos estatísticos sectoriais (en adiante OES) e o Consello Galego de Estatística (en adiante CGE).
5. A organización estatística desenvolverá as súas relacións internas e externas no marco deste plan.

Artigo 2. Conceptos en materia estatística

1. O cumprimento dos obxectivos do PGE 2027-2031 cumprirase mediante o desenvolvemento de estatísticas e de actuacións de interese estatístico.
2. A efectos desta Lei, e de acordo co artigo 3 da Lei 6/2024, do 27 de decembro, as estatísticas poden ser:

   a) Operacións: actuacións concretas que se executan consonte a un proxecto técnico aprobado polo CGE e desenvolvido total ou parcialmente por algunha entidade da organización estatística galega nalgunha fase previa á súa difusión.

      As operacións estatísticas clasifícanse en:

      - Operacións novas: pódense programar nos estados de implantación, para comprobar a viabilidade do seu proxecto técnico, ou de reestruturación, para modificalo.

      - Operacións correntes: pódense programar nos estados de en curso ou de en cumprimento, segundo quen deseñase orixinariamente o seu proxecto técnico, unha administración galega ou outra administración, respectivamente.

   b) Actividades estatísticas: actuacións concretas que se realizan a partir dunha metodoloxía orientada a aproveitar a información existente para elaborar e difundir resultados estatísticos que amplíen os dispoñibles sobre Galicia.

3. Actuacións de interese estatístico: labores auxiliares ou incipientes que, na súa orixe, non perseguen ampliar a información dispoñible sobre Galicia. Consisten en traballos metodolóxicos, estudos, análises ou outras actuacións preparatorias ou complementarias, e non implicarán necesariamente a difusión de resultados.
4. As estatísticas deben estar clasificadas dentro dos apartados seguintes, ou ser unha combinación deles:
   a) Censo ou estatística exhaustiva;
   b) Enquisa por mostraxe;

c) Toma directa de datos;
d) Explotación estatística de sistemas de información, rexistros ou directorios;
e) Explotación de microdatos;
f) Explotación estatística do enlazamento de ficheiros de datos estatísticos, administrativos e/ou doutro tipo;
g) De síntese: elaborada combinando diversas fontes de información. Enténdese por combinación, non a compilación das devanditas fontes, senón a elaboración contable ou matemática da información mediante estatísticos derivados.

Artigo 3. Período de aplicación

1. O PGE 2027-2031 formula obxectivos para o período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2027 e o 31 de decembro de 2031.
2. O Consello da Xunta aprobará programas estatísticos de carácter anual para desenvolver este plan.

Artigo 4. Avaliación

O IGE elaborará, en colaboración cos OES, un informe de avaliación do PGE 2027-2031, que someterá á consideración do CGE e porá en coñecemento do Parlamento de Galicia.

TÍTULO II: PLANIFICACIÓN DA ACTIVIDADE ESTATÍSTICA
CAPÍTULO I: OBXECTIVOS

Artigo 5. Obxectivo central

1. O obxectivo central do plan é desenvolver e consolidar o sistema estatístico galego e acadar un conxunto coherente, rigoroso e actualizado de datos, que responda ás demandas de información das institucións públicas, dos axentes económicos e sociais e da cidadanía, adecuándose aos criterios de economía e de aproveitamento das fontes existentes, minimizando as molestias aos informantes e garantindo o segredo estatístico.
2. Este obxectivo central desenvólvese en:
   a) Obxectivos informativos, orientados a satisfacer as necesidades de información. Para satisfacelos, os programas anuais incluirán estatísticas e actuacións de interese estatístico.
   b) Obxectivos instrumentais, que pretenden acadar metodoloxías máis sólidas e procedementos estatísticos axeitados, diminuír a carga de resposta e aumentar a eficiencia. Para satisfacer estes obxectivos, os programas incluirán actuacións de interese estatístico.
   c) Obxectivos de calidade, que establecen as características de calidade que debe orientar a produción estatística. Para acadalos, os programas incluirán actuacións de interese estatístico.

Artigo 6. Obxectivos informativos

1. O plan inclúe os obxectivos específicos de información do quinquenio no anexo I. Para que a oferta estatística sexa pertinente e facilite a comparanza temporal con outros períodos, conservaranse os obxectivos informativos con difusión de resultados do PGE 2022-2026.
2. Os obxectivos informativos clasifícanse nas áreas e seccións temáticas establecidas no anexo I. Para a súa avaliación consideraranse as estatísticas dos programas con difusión de resultados.
3. De conformidade co establecido no artigo 27 da Lei 17/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia as estatísticas deberán ter en conta a perspectiva de xénero. As incluídas nos programas que contemplen datos sobre persoas físicas deberanse recoller e difundir por sexo.
4. De conformidade co establecido no artigo 5 da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, introdúcese a perspectiva de idade na difusión de datos sobre persoas físicas, sempre que as restricións técnicas de segredo estatístico e a primacía da perspectiva de xénero o permitan.
5. De conformidade co establecido no artigo 12 da Lei 1/2026, do 5 de febreiro, do clima de Galicia, introdúcese a perspectiva ambiental no deseño, na execución ou na difusión das actuacións.
6. En cada obxectivo informativo establecido do anexo I poderán impulsarse actuacións de interese estatístico de carácter exploratorio ou complementario.

Artigo 7. Obxectivos instrumentais

1. O IGE desenvolverá unha política de formación profesional continua para o persoal estatístico da Comunidade Autónoma.
2. Realizarase investigación, desenvolvemento e innovación no ámbito estatístico, incluído o uso da intelixencia artificial e doutras técnicas avanzadas de análise de datos, e cooperarase coa comunidade científica e outras institucións para mellorar os procedementos existentes e desenvolver novas metodoloxías.
3. Priorizarase o uso estatístico das fontes administrativas ou doutro tipo antes de recorrer á enquisa e estableceranse os procedementos de colaboración necesarios para garantir a calidade da información.
4. Utilizaranse as fontes xa existentes e promoveranse medidas tecnolóxicas, procedementais e formativas que permitan enlazar as distintas fontes de datos para reducir a carga de resposta.
5. Impulsarase tamén o desenvolvemento dos números índices, indicadores compostos ou sintéticos e dos métodos de estimación indirecta dentro das estatísticas de síntese.
6. Aproveitarase o desenvolvemento das tecnoloxías da información e as comunicacións para optimizar as formas tradicionais de recollida e difusión de datos e para usar as fontes de información masiva.

7. Impulsarase a elaboración de informes e produtos de análise que faciliten a interpretación e o aproveitamento dos resultados estatísticos.
8. Intensificarase a reutilización da información estatística e as interoperabilidades organizativa, semántica e técnica, para incrementar a eficiencia e moderar os custos.
9. Avanzarase na configuración do IGE como nó de interoperabilidade estatística da Comunidade Autónoma e como portela única estatística.
10. Xeorreferenciarase a información para obter máis estatísticas espaciais, nomeadamente das unidades locais de actividade.
11. Consolidaranse e profesionalizaranse os órganos estatísticos sectoriais.

Artigo 8. Obxectivos de calidade

1. Pertinencia: as estatísticas deseñaranse en función das necesidades das persoas ou entidades usuarias e máis do interese do conxunto da sociedade galega.
2. Precisión: as estatísticas deben reflectir con fidelidade os fenómenos ou as características para os cales foron deseñadas.
3. Actualidade e puntualidade: as estatísticas deben minimizar o prazo transcorrido entre a dispoñibilidade da información e o fenómeno descrito e deben difundirse segundo un calendario, establecido no programa anual.
4. Accesibilidade e claridade: as estatísticas difundiranse nun sitio web específico, acompañadas de metainformación, coa finalidade de garantir o acceso neutral e doado das persoas ou entidades usuarias e de facilitar o seu uso e a súa interpretación. A difusión dos datos farase nun formato reutilizable para a persoa usuaria. Do mesmo xeito e para facilitar a investigación e o uso da información, asegurarase o ofrecemento de microdatos anonimizados das operacións ou actividades que procedan.
5. Coherencia e comparabilidade: as estatísticas realizaranse sobre a base de normas comúns con respecto ao alcance, ás definicións e ás unidades e clasificacións. Procurarase a comparabilidade entre as estatísticas propias e as dos outros sistemas estatísticos da nosa contorna.

CAPÍTULO II: O PROGRAMA ESTATÍSTICO ANUAL

Artigo 9. Contido

1. O programa estatístico anual desenvolverá e executará o PGE 2027-2031 en períodos anuais. Incluirá as estatísticas e as actuacións de interese estatístico vinculadas cos obxectivos do PGE 2027-2031.
2. Nas estatísticas programadas especificaranse, cando proceda:
   a) Os organismos responsables;
   b) As metas de información e os outros obxectivos informativos;
   c) Os obxectivos concretos;
   d) Os ámbitos de investigación;

e) A periodicidade;
f) O orzamento aproximado;
g) As formas e os prazos de difusión.

3. Nas operacións figurarán tamén o estado e, cando proceda, as persoas ou as entidades obrigadas a forneceren información, así como as posibles compensacións establecidas no artigo 23.4 da Lei 6/2024, do 27 de decembro. As formas e prazos de difusión especificaranse nas operacións correntes, non sendo necesario nas operacións programadas como novas.

4. Nas actuacións de interese estatístico figurarán os obxectivos instrumentais ou de calidade que perseguen.

Artigo 10. Aprobación e vixencia

1. O IGE elaborará, en colaboración cos órganos estatísticos sectoriais, o proxecto de programa estatístico anual, que logo será consultado co CGE.

2. O Consello da Xunta, por proposta da persoa titular da Consellería de adscrición do IGE, aprobará por decreto o programa estatístico anual.

3. A vixencia do programa coincidirá co ano natural, sen prexuízo da súa prórroga respecto das estatísticas que, pola súa natureza, sexa necesario continuar.

Artigo 11. Execución

1. O IGE e/ou os órganos estatísticos sectoriais serán os encargados de executar cada programa anual, ben directamente ou ben en colaboración con outras entidades públicas ou privadas mediante acordos, convenios ou contratos. Todas as persoas implicadas quedarán obrigadas a cumpriren o segredo estatístico, mesmo despois de finalizaren os acordos, os convenios ou os contratos.

2. O IGE será, con carácter xeral, o organismo responsable das estatísticas e das actuacións de interese estatístico cuxo ámbito de investigación implique varios sectores económicos ou ámbitos sociais, e participará na elaboración e na execución das estatísticas de síntese relacionadas co sistema integrado de contas económicas, das demográficas e das que se realicen mediante enquisa.

3. O contido de cada programa e mais a súa execución estarán suxeitos ás dispoñibilidades orzamentarias e organizativas.

Artigo 12. Difusión

1. A difusión das estatísticas será obrigatoria, realizarase de xeito integrado, obxectivo, oportuno e puntual e irá acompañada de metainformación. O acceso aos resultados das estatísticas cuxa difusión estiver prevista nos programas anuais será gratuíto.
2. Os resultados das estatísticas difundiranse principalmente por medios electrónicos.
3. O IGE potenciará a interoperabilidade na difusión, fomentando medidas informáticas, tecnolóxicas, organizativas e de seguridade para compartir datos.

4. A web do IGE será o portal da estatística galega, desde o que se accederá á información producida pola organización estatística galega.
5. Dado o carácter auxiliar ou incipiente das actuacións de interese estatístico, consistentes en traballos metodolóxicos, estudos, análises ou outras actuacións preparatorias ou complementarias, a súa difusión non será obrigatoria.

Artigo 13. Seguimento

O IGE elaborará, en colaboración cos órganos estatísticos sectoriais, un informe de seguimento do programa estatístico anual, que someterá á consideración do CGE e porá en coñecemento do Parlamento de Galicia. Neste informe analizarase o cumprimento dos obxectivos do programa e, en particular, dos vencellados aos criterios de calidade do artigo 5 da Lei 6/2024, do 27 de decembro.

TÍTULO III: ORDENACIÓN DA ACTIVIDADE ESTATÍSTICA
CAPÍTULO I: PROXECTO TÉCNICO E ESTATÍSTICA OFICIAL

Artigo 14. Proxecto técnico

1. As operacións executaranse consonte un proxecto técnico, aprobado polo CGE e de carácter público.
2. Os proxectos técnicos sistematizarán os procedementos de execución das operacións, especificando os seus obxectivos informativos e como se abordarán as perspectivas de xénero, de idade e ambiental. Detallarán a captación ou o soporte que se utilizará para recoller os datos e incluirán o plan de difusión.
3. Os proxectos técnicos elaboraranse de acordo coas instrucións e recomendacións establecidas polo IGE, que, de acordo cos seus recursos, prestará asistencia na redacción dos proxectos do resto dos axentes do sistema.

Artigo 15. Estatística oficial

1. De acordo co artigo 28 da Lei 6/2024, do 27 de decembro, os resultados das operacións programadas son oficiais logo de se publicaren segundo os seus proxectos técnicos.
2. Os resultados correspondentes ás operacións oficiais aplicaranse con preferencia sobre calquera outro nas relacións e situacións xurídicas respecto das cales a Comunidade Autónoma de Galicia teña competencia para os impor.
3. O IGE é o único organismo habilitado para emitir certificacións oficiais en relación cos resultados das estatísticas elaboradas ao abeiro dos instrumentos de planificación estatística da Comunidade Autónoma. Para emitir esta certificación poderá requirir dos organismos responsables das estatísticas toda a información que considere necesaria.

CAPÍTULO II: OBTENCIÓN E COMUNICACIÓN DE INFORMACIÓN

Artigo 16. Colaboración

1. Será obrigatoria a colaboración cidadá nas operacións dos programas nos termos do artigo 23.1 da Lei 6/2024, do 27 de decembro.

2. As solicitudes de información feitas desde a organización estatística limitaranse aos datos estritamente necesarios para cumprir as finalidades estatísticas perseguidas. Nelas achegarase información sobre a natureza, as características e a finalidade da estatística, indicarase se é obrigatoria total ou parcialmente, cal é a protección que dispensa o segredo estatístico, o prazo de resposta, se for procedente, e cales serían as sancións por incumprir as correspondentes obrigas.
3. As entidades públicas ou privadas poderán ceder á entidade responsable de realizar unha operación os datos persoais previstos no correspondente proxecto técnico sen necesidade de solicitar o consentimento nin de informar ás persoas interesadas, xa que estes datos quedarán protexidos polo segredo estatístico.

Artigo 17. Aproveitamento da información dispoñible

1. Para reducir a carga de resposta e mellorar a eficiencia da produción estatística, utilizarase como fonte prioritaria de información a contida nos ficheiros dispoñibles de datos estatísticos, administrativos ou doutro tipo.
2. Baixo este principio e para executar o PGE 2027-2031 e os seus programas anuais, o IGE terá dereito a solicitar e obter dos órganos e das entidades do sector público os datos contidos nos ficheiros de datos estatísticos, administrativos ou doutro tipo. Os ficheiros de datos postos á disposición do IGE irán acompañados da metainformación pertinente. No caso de conteren datos identificativos, os citados ficheiros de datos só se poderán solicitar para desenvolver, para elaborar ou para difundir operacións.
3. Como ferramentas estatísticas de base, en coherencia cos obxectivos instrumentais 3, 4 e 6 do artigo 7 desta lei, o IGE poderá desenvolver e manter bases de datos a partir do enlazamento de ficheiros de datos estatísticos, administrativos ou doutro tipo, cuxa finalidade será programar estatísticas e actuacións de interese estatístico, de modo que se garanta o cumprimento das normativas sobre o segredo estatístico.

Artigo 18. Comunicación de información

1. O IGE poderá facilitar aos órganos estatísticos sectoriais a información suxeita ao segredo estatístico que precisaren para desenvolver operacións programadas baixo a súa responsabilidade.
2. A comunicación por parte do IGE a outras administracións e organismos públicos de datos protexidos polo segredo estatístico só será posible no caso de se cumpriren as condicións previstas no artigo 31.2 da Lei 6/2024, do 27 de decembro.
3. A información fornecida será de uso exclusivo do receptor e realizarase na forma máis agregada que for compatible coa finalidade para que se demandar.
4. Para favorecer a investigación, no marco dun proxecto científico específico e de interese público e segundo o establecido no artigo 32 da Lei 6/2024, do 27 de decembro, as universidades e os outros centros de investigación recoñecidos

poderán acceder a datos protexidos polo segredo estatístico que non permitiren identificar directamente ás persoas.

CAPÍTULO III: COLABORACIÓN INSTITUCIONAL

Artigo 19. Cooperación, colaboración e asistencia no ámbito interno

1. En aplicación do artigo 9 da Lei 6/2024, do 27 de decembro, os órganos ou as entidades do sector público autonómico consultarán ao IGE con carácter previo sobre:
   a) A creación e a reforma de rexistros administrativos e sistemas de información de posible tratamento estatístico, así como das modificacións que puideran implicar mudanzas en tal tratamento.
   b) A creación e a reforma de procedementos administrativos que puideren ter consecuencias sobre a produción de información de posible aproveitamento estatístico.
   c) Os convenios e os acordos en materia estatística que subscribiren.
   d) Os plans de carácter xeral por abrangueren varios ámbitos ou sectores, cando puideren precisar información elaborada ao abeiro deste plan.
2. Os órganos ou as entidades do sector público autonómico enviarán ao IGE unha copia de todos os ficheiros de datos para fins estatísticos que remitiren a outra administración.

Artigo 20. Estatística e planificación pública

O IGE, a través dos órganos estatísticos sectoriais ou mediante un acordo coa Presidencia da Xunta de Galicia ou coas consellerías, poderá realizar estatísticas e actuacións de interese estatístico consistentes en análises e estudos estatísticos dirixidos ao seguimento e á avaliación de plans, programas, proxectos ou outros aspectos organizativos ou funcionais de interese dos mencionados órganos ou das entidades públicas instrumentais dependentes deles, que deberán cumprir os principios e normas establecidos na Lei 6/2024, do 27 de decembro.

CAPÍTULO IV: INVENTARIO

Artigo 21. Inventario de estatísticas

1. O inventario será o marco de actuación da organización estatística galega e recollerá de xeito sistemático, estruturado e homoxéneo as principais características das estatísticas programadas. O IGE será o organismo responsable da súa elaboración, o seu mantemento e a súa difusión.
2. Os órganos e as entidades do sector público autonómico facilitarán ao IGE información sobre as estatísticas que realizaren, para contribuír a un maior coñecemento destas e, se for procedente, inventarialas.
3. Nas estatísticas inventariadas figurarán:
   a) Denominación;
   b) Organismos responsables;
   c) Metas de información ou outros obxectivos informativos;

d) Obxectivos concretos;
e) Periodicidade;
f) Indicadores de calidade.

4. Nas operacións figurarán os proxectos técnicos e, se procede, os cuestionarios.

5. No anexo II figuran as operacións en curso ou en cumprimento e as actividades estatísticas do anterior plan que formarán parte do inventario inicial. As operacións e actividades causarán alta no inventario cando aparezan por primeira vez nun programa. As operacións daranse de alta como operacións novas en estado de implantación, agás aquelas que dispoñan dunha metodoloxía deseñada por outra administración, que se incorporarán como operacións correntes en estado de cumprimento.

6. Con cada programa anual modificaranse os datos do inventario. Para cambiar a periodicidade ou deixar de programar unha estatística, o organismo responsable deberá comunicar ao IGE estas circunstancias, xustificándoas. Delas daráselle conta ao CGE.

Artigo 22. Inventario de bases de datos estatísticas

Tamén serán inventariadas as bases de datos estatísticas previstas no artigo 25.3 da Lei 6/2024, do 27 de decembro, que se están a manter e as que se desenvolveren para satisfacer os obxectivos deste plan.

Disposición transitoria única. Metas de información de plans anteriores

A organización estatística da Comunidade Autónoma poderá programar operacións e actividades estatísticas que tenten satisfacer as metas sen difusión do PGE 2017-2021 e do PGE 2022-2026.

Disposición derrogatoria única. Derrogación normativa

Quedan derrogadas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao previsto nesta Lei e, expresamente, a Lei 16/2021, do 20 de decembro, do Plan galego de estatística 2022-2026, sen prexuízo do que se refire á execución e seguimento do Programa anual 2026 e á avaliación do Plan galego de estatística 2022-2026.

Disposición derradeira primeira. Habilitación para o desenvolvemento normativo

Autorízase ao Consello da Xunta para que dite as disposicións necesarias para desenvolver e executar esta lei.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor

Esta lei entrará en vigor o 1 de xaneiro de 202...

Santiago de Compostela, ... de ... de dous mil vinte e ....

Alfonso Rueda Valenzuela
Presidente

ANEXO I: OBXECTIVOS INFORMATIVOS

Área 1. Territorio, recursos naturais e medio ambiente

Sección 1.1. Territorio e recursos naturais

- Territorio
- Estradas
- Caza e pesca continental
- Recursos naturais e biodiversidade
- Incendios forestais
- Montes veciñais e comunidades de montes
- Estática e dinámica forestal. Superficies e repoboacións

Sección 1.2. Medio ambiente

- Climatoloxía
- Calidade do aire
- Reservas e usos da auga
- Calidade e depuración de auga
- Residuos e economía circular
- Hábitos e prácticas ambientais
- Transición ecolóxica

Área 2. Sociedade

Sección 2.1. Demografía

- Estrutura da poboación
- Dinámica da poboación
- Proxeccións demográficas
- Estrutura e dinámica dos fogares
- Estacionalidade da poboación

Sección 2.2. Saúde e asistencia sanitaria

- Asistencia sanitaria
- Listas de agarda
- Estado xeral de saúde da poboación
- Morbilidade
- Mortalidade por causas
- Consumo de drogas e asistencia ás persoas drogodependentes

Sección 2.3. Educación e capital humano

Ensino preobrigatorio

Ensino obrigatorio

Ensino postobrigatorio non universitario

Acceso á universidade. Oferta e demanda de titulacións

Ensino universitario

Tránsito do sistema educativo ao mercado laboral

Outros tipos de formación, coa inclusión da realizada no seo das empresas

Sección 2.4. Traballo

Caracterización do mercado laboral

Accidentes laborais e enfermidades profesionais

Salarios e custos laborais

Outras condicións laborais

Flexibilidade na aplicación das condicións laborais

Concertación laboral

Eleccións sindicais

Infraccións e sancións

Regulación de emprego

Persoas traballadoras estranxeiras

Dinámicas locais do mercado de traballo

Sección 2.5. Benestar e condicións sociais

Ingresos e gastos dos fogares

Benestar, desigualdade e cohesión social

Pensións e outras prestacións

Emprego do tempo

Desprazamentos por razón de traballo e outros tipos de mobilidade

Poboación dependente e segmentos sociais con máis necesidades potenciais

Discapacidade

Violencia de xénero

Conciliación familiar e laboral

Capital social e participación cidadá

Xustiza e seguridade

Sección 2.6. Cultura, deporte e lecer

Equipamentos e recursos culturais

Hábitos e prácticas culturais

Hábitos e prácticas deportivas e do lecer

Prácticas lingüísticas

Equipamentos e recursos deportivos

Sección 2.7. Vivenda

Demanda e acceso á vivenda

Parque de vivendas. Equipamento e características

Área 3. Estrutura produtiva

Sección 3.1. Sector agrario

Superficies agrarias

Efectivos gandeiros

Maquinaria e outro capital agrario

Producións e rendementos vexetais

Sacrificio de gando e outras producións e rendementos animais

Produción ecolóxica e de calidade

Características das explotacións agrarias

Sección 3.2. Pesca e acuicultura

Buques pesqueiros

Acuicultura

Primeira venda de produtos pesqueiros

Características das unidades de produción

Ocupación no sector da pesca

Sección 3.3. Enerxía e industria

Subsector industrial relacionado co sector primario

Produción, distribución e consumo de enerxía

Outras industrias manufactureiras

Produción mineira

Sección 3.4 Construción

Edificación residencial e non residencial

Sección 3.5. Servizos de mercado

Comercio interior

Transporte de mercadorías e de pasaxeiros e pasaxeiras

Infraestruturas turística e hostaleira

Movemento de viaxeiros e viaxeiras

Ocupación en establecementos regulamentados e non regulamentados

Servizos financeiros, servizos ás empresas e outros de mercado

Sección 3.6. Administración pública e outros servizos non de mercado

Institucións sen fins de lucro

Ingresos tributarios e non tributarios

Recursos e gasto das administracións públicas galegas

Recursos e gasto na I+D+i

Gobernanza e políticas públicas

Sección 3.7. Mercados e prezos

Intercambios comerciais

Prezos nos sectores produtivos

Prezos no sector externo

Nivel xeral de prezos

Competitividade

Prezos da vivenda

Sección 3.8. Actividade empresarial

Estrutura e caracterización do sector empresarial

Conxuntura empresarial

Cooperativas, sociedades laborais e outras formas asociativas

Sección 3.9. Sistema de contas

Previsións macroeconómicas

Contas económicas

Marco input-output

Sectores institucionais

Contas satélites

Contas ambientais

Área 4. Coñecemento e tecnoloxía

Sección 4.1. Sociedade da información

Sociedade dixital e da información nos fogares, empresas, administracións, educación, sanidade e medio rural

Sección 4.2. Ciencia e tecnoloxía

I+D+i nas empresas, administracións e universidade

Comercio externo de produtos tecnolóxicos

ANEXO II: OPERACIÓNS E ACTIVIDADES ESTATÍSTICAS CONSOLIDADAS

1. OPERACIÓNS ESTATÍSTICAS

- Admisións a tratamento por consumo de substancias psicoactivas
- Afiliacións á Seguridade Social por concello de residencia da persoa afiliada
- Análise da mortalidade
- Centros especiais de emprego
- Cifras poboacionais de referencia
- Contas das sociedades mercantís de Galicia
- Contas do sector fogares
- Contas económicas anuais
- Contas económicas trimestrais
- Contaxe de vehículos nas estradas competencia da Comunidade Autónoma
- Cooperativas
- Datos estatísticos do Sistema universitario de Galicia
- Datos sobre ocupacións máis contratadas
- Desprazamento transnacional de persoas traballadoras
- Distribución espacial das características da poboación de Galicia por cuadrícula de 1km2
- Eleccións sindicais
- Empresas de traballo temporal
- Enquisa conxuntural a fogares
- Enquisa de ocupación na pesca
- Enquisa estrutural a fogares (EEF)
- Enquisa sobre vacantes nas empresas galegas, grao de utilización da capacidade produtiva e indicador de sentimento do sector servizos de Galicia
- Escenario macroeconómico de Galicia a curto prazo
- Estado do planeamento urbanístico dos concellos
- Estatística da administración dixital nos concellos galegos
- Estatística da primeira venda de produtos pesqueiros frescos
- Estatística de chamadas ao Centro Integrado de Atención ás Emerxencias 112
- Estatística de construción de edificios
- Estatística de execución de medidas xudiciais impostas a menores

- Estatística de familias numerosas
- Estatística de licenzas de pesca e caza
- Estatística de protección de menores
- Estatística de sacrificio de gando en matadoiros
- Estatística de violencia de xénero
- Estatística do ensino non universitario en Galicia
- Estatística sobre a administración dixital na Xunta de Galicia
- Estatística sobre as persoas beneficiarias da risga e das axudas de inclusión social
- Explotación do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil
- Explotación do censo de persoas con discapacidade
- Explotación do directorio de empresas e unidades locais
- Explotación do Rexistro de buques pesqueiros da Comunidade Autónoma
- Explotación do Rexistro de gando bovino
- Explotación do Rexistro de maquinaria agrícola
- Explotación do Rexistro de ovino e cabrún
- Explotación do Rexistro galego da sida
- Explotación do Rexistro galego de interrupcións voluntarias do embarazo
- Explotación do Rexistro galego de tuberculose
- Explotación do Rexistro sobre prezos declarados polas/os compradoras/es de leite
- Explotación do Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais
- Explotación do Rexistro vitícola
- Explotación estatística do Rexistro de parellas de feito
- Galicia Dixital: O Sector TIC de Galicia
- Galicia Dixital: Sistema de indicadores
- Indicadores de actividade e de valor engadido bruto (VEB) do sector servizos
- Indicadores de cohesión social
- Indicadores de multilocalización empresarial
- Indicadores de seguimento das Directrices de Ordenación do Territorio
- Indicadores de xénero
- Indicadores demográficos
- Índices de competitividade
- Índices de valor unitario para o comercio exterior e intracomunitario

- Infraccións e sancións na orde social
- Inserción laboral das persoas tituladas de formación profesional
- Marco input-output
- Matriz de contabilidade social
- Mortalidade por reacción aguda ao consumo de drogas
- Ocupación hoteleira: turismo de saúde
- Pensións da Seguridade Social por concello de residencia da persoa pensionista
- Persoal ao servizo da Administración autonómica
- Posición cíclica da economía galega
- Prezos agrarios
- Prezos da terra
- Procedementos de despedimento colectivo, suspensión de contratos e redución de xornada
- Produto interior bruto municipal
- Proxeccións de fogares
- Proxeccións de poboación a curto prazo
- Renda municipal do sector fogares
- Reservas de auga
- Sector porcino industrial
- Sinistralidade laboral
- Sistema de indicadores complementarios para o seguimento do Plan de desenvolvemento rural
- Sistema de indicadores de lonxevidade
- Sistema de información sobre a calidade microbiolóxica das zonas de baño
- Sistema de información sobre a lista de espera cirúrxica
- Situación das TIC nos centros sanitarios
- Sociedades laborais
- Superficies agrícolas
- Táboas de mortalidade
- Xestión de residuos de competencia municipal

2. ACTIVIDADES ESTATÍSTICAS

- Accesibilidade á vivenda
- Actividade industrial en Galicia
- Apertura de centros de traballo
- Asistencia xurídica gratuíta
- Balance enerxético
- Banco de series de conxuntura
- Bases medias de cotización no Réxime Xeral da Seguridade Social por concello de residencia da persoa afiliada
- Calidade do aire
- Caracterización socioeconómica das persoas solicitantes de aproveitamentos forestais
- Carga de poboación estacional dos concellos de Galicia
- Climatoloxía
- Comercio exterior de produtos de alta tecnoloxía
- Conciliacións individuais e colectivas
- Conta satélite do deporte
- Conxuntura hoteleira en Galicia: análise da demanda, a ocupación e a rendibilidade empresarial
- EEF. Capital social: benestar
- EEF. Características básicas dos fogares
- EEF. Coñecemento e uso do galego
- EEF. Módulo sobre a poboación dependente
- EEF. Novas tecnoloxías
- EEF. Ocio e hábitos culturais
- Emprego na Seguridade Social e nas mutualidades
- Emprego no sector turístico galego
- Enfermidades de declaración obrigatoria
- Enquisa trimestral de fabricación de pensos e consumo de materias primas
- Enquisa de poboación activa de Galicia (EPA)
- EPA. Decil de salarios do emprego principal
- EPA. Emprego das persoas con discapacidade
- EPA. Estatística de fluxos da poboación activa
- EPA. Variables de submostra
- Estatística de bibliotecas públicas

- Estatística de obradoiros duais de emprego
- Estatística de permisos de marisqueo a pé
- Estatística de produción da acuicultura mariña
- Estudo sobre o emprego autónomo en Galicia
- Estudo sobre salarios
- Explotación da Estatística sobre actividades de I+D
- Explotación da mostra continua de vidas laborais
- Explotación do índice de comercio polo miúdo
- Explotación do índice de produción industrial
- Explotación do movemento natural da poboación
- Explotación do Rexistro de avicultura
- Explotación do Rexistro de contratos laborais
- Explotación do Rexistro de montes veciñais de man común
- Explotación dos datos do comercio exterior e intracomunitario
- Explotación dos movementos migratorios
- Explotación estatística da información tributaria
- Galicia aberta: a emigración en cifras
- Galicia Dixital: A modernización tecnolóxica no rural
- Incendios forestais
- Indicador da intensidade da demanda turística
- Indicadores ambientais
- Indicadores de contexto da economía galega
- Indicadores de contexto do Plan de desenvolvemento rural
- Indicadores de demografía empresarial
- Indicadores de infancia e adolescencia
- Indicadores de innovación
- Indicadores migratorios
- Información do mercado laboral rexistrado
- Información estatística do sistema sanitario galego
- Informe das variacións do índice de prezos de consumo
- Informe do paro rexistrado
- Inserción laboral das/os egresadas/os nas universidades públicas de Galicia
- Negociación colectiva
- Nomenclátor

- Observatorio da sociedade da información e da modernización de Galicia
- Panorama dos sete grandes concellos
- Panorama rural e urbano
- Pensións e outras prestacións
- Producións forestais
- Proxeccións das taxas de actividade
- Rendementos de cultivos
- Seguimento e análise da construción
- Vivendas familiares en Galicia